O RÍO DO OURO
[Paulo Rocha, 1998, Portugal, 100', VOSG]

Lingua **Portugués**
Dirección **Paulo Rocha**
Guión **Paulo Rocha, Claudia Tomaz**
Montaxe **José Edgar Feldman, Paulo Rocha, Cláudia Tomaz**
Fotografía **Elso Roque**
Son **Nuno Carvalho**
Música **José Mário Branco**
Reparto **Isabel Ruth, Lima Duarte, Joana Bárcia, João Cardoso, Filipe Cochofel, António Capelo**
Produción **IPACA, Radiotelevisão Portuguesa, Skylight Films, Suma Filmes**
Restauración **Cinemateca Portuguesa**
Distribución **Atalante**

Aclamada pola crítica despois da súa estrea mundial en Cannes, *O río do ouro* é un filme posuído por unha forza telúrica, onde a paixón e a violencia latexan, sendo para moitos a obra mestra de Paulo Rocha. Ambientada nos anos 50, a rexión do Douro é unha vez máis escenario dun drama de amores tráxicos.

PROGRAMACIÓN DE FEBREIRO

Martes 7 ***Tori e Lokita***
Jean-Pierre e Luc Dardenne, 2022, Bélxica, 89'

Martes 14 ***Aftersun***
Charlotte Wells, 2022, Reino Unido, 98'

Martes 28 ***Pacifiction***
Albert Serra, 2022, Francia, 165'

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA

FS #173
31.1.2023

O RÍO DO OURO
PAULO ROCHA

CINECLUBE PONTEVEDRA

Vi uma sombra no rio
a acenar para a morte
no caudal perdi o fio
das margens perdi o norte.

O RÍO DO OURO

O río do ouro tivo un percorrido singular. Segundo os proxectos do realizador, debería ter sido o seu terceiro filme, a seguir d'*Os verdes anos* e *Mudar de vida*, e, curiosamente, xorde exactamente como incluído nesa orde. É claro que entre estes filmes e *O río do ouro* hai un salto de máis de tres décadas durante as que Paulo Rocha percorreu moitos camiños e cruzou moitos ríos, e fixo varios filmes que aparentemente rompen cos canons que predominan nos primeiros. Mais todas esas derivas, peregrinacións e interrogacións non agochan esa evidencia case transparente: *O río do ouro* é mesmo unha continuación d' *Os verdes anos* e *Mudar de vida*. Non quere dicir isto que o filme faga táboa rasa dos que están polo medio (*A illa dos amores* e *O desexado*, principalmente), mais si que estes filmes son unha especie de intermedio para o realizador e un campo de experimentacións que lle apura o ollar e lle afina a sensibilidade. A recuperación do vello proxecto é feita agora coa súa transformación nun totalmente novo. Se a esencia é máis ou menos a mesma (a paixón, o melodrama, a paisaxe rural, a cultura popular) e a paisaxe non mudou sobremaneira (os sinais de modernidade son apenas os medios de transporte: trens e automóbiles), a forma é radicalmente nova. *O río do ouro* é, deste xeito, a simplicidade d'*Os verdes anos* contaminada pola grandeza barroca da *Illa dos amores*, é un romance de cordel entoado por cegos nun palco de ópera: D. Roberto en São Carlos, Polichinelo no Scala de Milán.

O gran triunfo d'*O río do ouro* é a forma en que se apodera das manifestacións da cultura popular e as consegue transmitir nunha singular fidelidade no que se refire ao seu espírito. Quen teña memoria deste tipo de manifestacións (narrativas de traxedias de aldeas contadas e cantadas en festas e romarías, que era unha forma de transmisión oral deses acontecementos de aldea en aldea da provincia) non deixa de recoñecer que o filme de Rocha xorde como unha materialización perfecta desa forma de pasaxe de voz a voz dun certo testemuño. Non tanto pola presenza emblemática dunha desas figuras (o cego na estación orientado por unha crianza, nun plano de singular pureza e forza) ou pola entoación das melodías que recuperan admirablemente os seus modelos, mais principalmente pola forma en que están dirixidas e, en particular, a belísima escena da festa popular, o san Xoán coas tres raparigas que cantan e que serven non só de coro e eco de personaxes e acontecementos, senón tamén de ligazón entre eles, insinuándose e deslizándose entre uns e outros, nunha especie de bailado cuxa coreografía está en consonancia co tema da cantiga. Mais o filme de Rocha non se identifica só na súa forma musical con esas formas de cultura popular. Está tamén a paisaxe, que seduce e oprime e semella esmagar os personaxes, sensación reforzada polos ángulos da cámara, especialmente os planos captados da casa sobre o río e a paisaxe circundante. Diríase aquí unha selva que prende os personaxes e os modela á súa forma, manténdoos nunha prisión de onde só se foxe a través da morte.

Esta relación da natureza cos seres humanos que alí habitan recorda a que Nicholas Ray poñía en escena nun pequeno filme televisivo de 1954: *High Green Wall*. Do mesmo xeito pode verse o retrato de personaxes, que semellan emanar da propia natureza, nos xestos e sentimentos, na inxenuidade e na crueldade. Na máis impresionante escena do filme, a personaxe de Isabel Ruth espallando coas mans o sangue do marido polas paredes da casa, xorde como unha especie de primitivo ritual pagán, unha inmolación aos deuses. Todo o filme está percorrido por manifestacións desta índole, representando o triunfo dun paganismo e dunha desorde amorosa e loucura que se coloca baixo o amparo de Nietzsche e Bataille. Todo isto congrégase nas asombrosas escenas en que a casa literalmente se desprende da terra coa súa vingativa Erínia, para despois mergullar polo río do ouro, onde a vida e a morte se atopan con Melita abrazando o cadáver do seu home sepultado co automóbil nas augas, imaxe que retoma coa mesma beleza tráxica, a de Shelley Winters no río en *The Night of the Hunter* de Charles Laughton. A auga, despois do aire e a terra, sen esquecer as chamas das fogueiras de san Xoán. A forma en que os catro elementos se manifestan e se impoñen na narrativa, reforza a visión pagá d'*O río do ouro*.

Mais o filme é tamén Isabel Ruth. Fora pensado para ela cando foi un proxecto nos anos 60, e foi retransformado para que ela lle dese corpo e vida agora. E se Pax de Eduardo Guedes marcou o regreso da actriz ao primeiro plano, cunha belísima interpretación, *O río do ouro* pode ser visto como a súa consagración. Ela non é só a actriz neste filme. Ela propia é a materia viva que o alimenta, a seiva que o percorre, a música que o acompaña.

Texto de Manuel Cintra Ferreira tirado de www.cinemateca.pt.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.